

RESERVA DE PRAZA CURSO 2021-22 PARA ALUMNADO DE 6º DE PRIMARIA QUE CURSARÁ ESTUDOS DE 1º ESO NO IES EDUARDO BLANCO AMOR

Estimados pais/nais e/ou titores:

O 22 de decembro de 2020 saíu publicado no DOG (Diario Oficial de Galicia), a **ORDE do 18 de decembro de 2020** pola que se modifica a **Orde do 12 de marzo de 2013** na que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato. Segundo esta nova modificación, **deberán presentar a solicitude de reserva de praza para os alumnos e alumnas que rematan 6º de primaria no noso centro e desexen continuar os seus estudos no IES EDUARDO BLANCO AMOR, do 11 de xaneiro de 2021 ao 8 de febreiro de 2021.**

A solicitude de admisión pode cubrirse por vía telemática na páxina web: www.edu.xunta.gal/admisionalumnado no apartado **Solicitudes - Reserva - Crear**. Feito iso poden optar por:

- Imprimir dito formulario e entregalo na secretaría do noso centro.
- Se dispoñen de **certificado dixital** ou **Chave365**, presentalo en Sede Electrónica a través da aplicación.

Tamén poden simplemente cumprimentar manualmente o impreso e entregalo na secretaría do centro.

Teñan en conta que segundo marca a normativa, a reserva adquirirá carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude de admisión noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro de adscrición antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

No caso de que prefiran que o seu fillo/a continúe os seus estudos noutro instituto diferente, deberán presentar do **1 ao 20 de marzo** solicitude de admisión e reserva de praza no centro que vosteden elixan.

Se desexan máis información ou algunha aclaración, non dubiden en contactar co centro.

Un atento saúdo. A dirección.